



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: novo nomeamento de 1 peón de limpeza viaria para o Programa de Integración Laboral (PEL 2021) por renuncia dun aspirante.

Visto que por Resolución de Alcaldía se aprobou con carácter urgente, o proceso selectivo de persoal para a 5 peóns na cuadrilla de limpeza viaria do Programa de Integración Laboral (PEL concellos 2021).

Visto que o día 07/08/2021, foi publicada no diario "La Voz de Galicia" o anuncio do proceso de selección de aprobación de bases e convocatoria do mesmo de cinco peóns de limpeza viaria, para a presentación de instancias durante seis días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio.

Visto o decreto que reflexa a aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como a data e o lugar da realización da proba práctica, e vistas as actas nº 1 e nº 2 do tribunal de selección da cuadrilla de limpeza viaria do día 20/08/2021 que inclúen a valoración da fase de concurso e a de oposición, así como a valoración total dos aspirantes e a proposta de adxudicación das prazas e a clasificación por orde decrecente das mesmas,

Visto o decreto de nomeamento con número 446/2021 con data do 24/08/2021 dos 5 aspirantes, e vista a renuncia á praza presentada pola aspirante nomeada Dona María Consuelo Ferreiro Souto o día 25/08/2021 con rexistro de entrada 20210000001551, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro: nomear a Dona Soraya María Souto García, como PEÓN DE LIMPEZA VIARIA para a obra/ servizo do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña (PEL2021), tal e como reflicte a puntuación das actas do tribunal de selección.

Segundo: outorgar un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación desta resolución de nomeamento para que a adxudicataria presente a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato laboral.

Terceiro: publicar este acordo na web do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello.

Cuarto: dar traslado desta resolución na próxima sesión plenaria do Concello.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.